

CATALOGACIÓN DE SERIES / COLECCIÓN

As sagas e series de libros



Á hora de decidir como proceder coas series de libros cómpre coñecer a serie que estamos catalogando, pero tamén ter un proceder claro e consensuado na nosa biblioteca: se tódalas persoas catalogamos da mesma maneira as persoas usuarias van atopar os recursos sen disparidades.

Coa catalogación de sagas e series de libros soen xurdir moitas dúbidas porque queremos colocalos xuntos e, de ser o caso, pola orde que ocupan dentro da serie, dato que ás veces entra en contradición coa orde alfabética dos títulos (ex. *Harry Potter*). O número de orde ás veces aparece nunha numeración editorial no lombo do libro, pero outra veces non. Inda ben, algunhas coleccións ou series de libros non precisan seren lidos nunha orde especial e por iso non temos por que preocuparnos por consignarlles o seu número (ex. *Os Bolechas*). Outra das grandes dúbidas é cal é o título do libro, se este inclúe o nome da serie ou se o título que debemos considerar como principal é o específico da cada volume.

Por outra banda, temos series de literatura de ficción (82) pero tamén coleccións de libro de non ficción (informativo) que deberán levar o número da CDU correspondente, que pode ser común a toda a colección (ex. *Historia del Arte en cómic*) e outras veces diferente dependendo dos volumes (ex. nos *Inventarios* de Kalandraka separaríamos os libros de animais (59) dos de plantas (58)). Algunhas das coleccións de libro informativo que temos nas nosas bibliotecas realmente son enciclopedias temáticas, que ás veces atenden un único ámbito de coñecemento (ex. *Érase una vez... el hombre*) e ás veces varios (ex. *La enciclopedia del estudiante* de Santillana El País ou a *Enciclopedia temática ilustrada d'A Nosa Terra*). As enciclopedias temáticas, a nivel bibliográfico, poden ser catalogadas cun único rexistro como enciclopedia (03) (se é que teñen un único ISBN como obra completa) e mantelas xuntas no andel, pero nas bibliotecas escolares pódenos ser máis útil catalogalas cun rexistro por volume (se ten un ISBN concreto), que terá o número da CDU que lle corresponde polo seu ámbito (ex. 94(03)), e colocar os volumes separadamente en función do ámbito de coñecemento.

Hai tres datos e espazos que temos que ter en conta á hora de catalogar estes libros:

- o título
- a mención de serie e, de ser o caso, o número de volume dentro da serie
- a sinatura topográfica ou "tejuelo"

1. O título

Ás veces o nome da serie inclúese no título e ás veces non. De aparecer no título pode estar totalmente integrada nel (ex. *Harry Potter e a pedra filosofal*, *Os Bolechas coidan cans e cadelas...*) ou aparecer o nome da serie na portada e semellar unha parte do título, malia ser realmente só a mención da serie, que ten un título concreto dese volume. En calquera caso, no programa de xestión debemos consignar soamente ese título concreto no campo *Título* e esa referencia á

serie só se sinalaría no campo *Mención de serie*. Acontece así en libros de ficción, pero tamén en libros de non ficción, a miúdo coleccións ou enciclopedias temáticas, como por exemplo:

Galiza [serie]. *O agro* [Título]

Sherlock Holmes [serie]. *O sabuxo dos Baskerville* [Título]

Anna Kadabra [serie]. *Un monstro na bañeira* [Título]

Sara y las goleadoras [serie]. *Creando equipo...* [Título]

Outras veces o nome da serie non aparece no título nin acompañándoo, polo que non se consigna esa información no campo de título senón no de *Mención de serie* (ex. o libro *Entre a vontade e o destino* é o segundo volume da triloxía *Banu Marwán: a estirpe do galego*) ou ás veces é o título do primeiro volume o que dá nome á serie e o título dos seguintes volumes é totalmente diferente, mais xa forman parte desa serie, que se consignará na *Mención de serie* (ex. A saga *Los pilares de la tierra* comeza cun volume con ese título e o segundo e seguintes non inclúen o nome da serie no título: *Un mundo sin fin*, *Una columna de fuego...*).

2. A mención de serie e o número de volume

Ás veces a serie ten un nome estandarizado (ex. *As aventuras de Tintín*) e outras non (ex. *Comisario Montalbano*). Algunhas series teñen unha sucesión de volumes que debe seguirse (ou é recomendable) na lectura porque hai unha historia que evoluciona entre volumes, por exemplo *Los juegos de hambre*, aínda que poida cada volume tratar dunha historia principal autoconclusiva, o que acontece por exemplo en *Los Cinco*; pero noutros casos cada historia é independente e case non hai referencias entre volumes ex. *Astérix*. Tanto nuns casos coma noutros, consignaremos sempre a serie no campo de catalogación específico para isto (*Mención de serie*), así como o número do volume dentro da serie (*Número de volume*), xa que é un dato imprescindible naquelas series nas que a orde cronolóxica é significativa no desenvolvemento da acción.

3. A sinatura topográfica

Para crear a liña 3 da sinatura, teremos en conta o título coma en calquera outro recurso. Se queremos ordenar os libros pola sucesión cronolóxica da serie (nome da serie e o número de orde que ese libro ocupa dentro da serie), teremos entón que consignar esa información da serie no tejuelo/sinatura, pois a orde alfabética do título non se corresponderá en case todos os casos coa orde cronolóxica dos volumes. Esa información, que tamén debe ir na ficha do ítem, poderá ir na terceira liña do tejuelo (única opción co programa de xestión Meiga) ou, se así o preferimos, nunha cuarta liña (opción que si permite o programa de xestión Koha). A mención á serie crearíase da mesma maneira ca no caso do título: en minúscula as tres primeiras letras do nome da serie, e o número de volume a continuación. Con respecto á ubicación física dos exemplares nos andeis, os materiais colocaríanse en primeiro lugar, segundo a CDU, despois pola autoría e despois pola información da serie e do número que nela ocupa o volume: deste xeito situamos todos os libros da mesma serie xuntos, dentro da obra da mesma persoa autora, e segundo a orde dos seus volumes.

EXEMPLOS

Libro dunha serie	Sinatura topográfica (tejuelo)	Observacións
Título: <i>El bosque oscuro</i> Autoría: Cixin Liu Serie: <i>A triloxía dos tres corpos</i>	82-N LUI (tri2) bos ou 82-N LUI (tri2) bos	A serie <i>A triloxía dos tres corpos</i> inclúe os libros <i>El problema de los tres cuerpos</i> , <i>El bosque oscuro</i> e <i>El fin de la muerte</i> .
Título: <i>Entre a vontade e o destino</i> Autoría: Xosé Henrique Costas Serie: <i>Banu Marwán: a estirpe do galego</i>	82-N COS (ban2) ent ou 82-N COS (ban2) ent	A obra <i>Entre a vontade e o destino</i> é o segundo volume da triloxía <i>Banu Marwán: a estirpe do galego</i> .
Título: <i>Os Megatoxos e a batalla de Rande</i> Autoría: Anxo Fariña Serie: <i>Os Megatoxos</i>	82-N FAR (meg6) meg ou 82-N FAR (meg6) meg	Son historias autoconclusivas que non precisan de seren lidas por orde cronolóxica de escritura aínda que pode ser de interese a información.
Título: <i>Harry Potter e a pedra filosofal</i> Autoría: J. K. Rowling Serie: <i>Harry Potter</i>	82-N ROW (har1) har ou 82-N ROW (har1) har	<i>Harry Potter e a pedra filosofal</i> forma parte da serie <i>Harry Potter</i> , que se compón de títulos que empezan sempre polo seu nome.
Título: <i>Los Cinco juntos otra vez</i> Autoría: Enid Blyton Serie: <i>Los Cinco</i>	82-N BLY (cin21) cin ou 82-N BLY (cin21) cin	<i>Los Cinco juntos otra vez</i> é unha obra da serie <i>Los Cinco</i> , que igual que no exemplo anterior, tamén se compón de títulos que empezan sempre polo seu nome.
Título: <i>Nace la tierra</i> Coordinación: Carles Gené Enciclopedia temática: <i>Érase una vez... el hombre</i>	94 GEN (éra1) nac ou 94	A obra <i>Nace la tierra</i> é o volume primeiro da enciclopedia temática <i>Érase una vez... el hombre</i> .

	GEN (éra1) nac	
Título: <i>As tarefas da casa</i> Autoría: Pepe Carreiro Serie: <i>Biblioteca Básica Os Bolechas</i>	64 CAR (bib14) tar ou 64 CAR (bib14) tar	<i>As tarefas da casa</i> é o número 14 da serie <i>Biblioteca Básica Os Bolechas</i> .
Título: <i>Os Bolechas van ao cine</i> Autoría: Pepe Carreiro Serie: <i>Os Bolechas</i>	82-N CAR (bol) bol ou 82-N CAR (bol) bol	O número do volume na serie ás veces aparece consignado no couce do libro, de ser así, incluíríámolo.
Título: <i>Naufraxio no mar de Lira</i> Autoría: Pepe Carreiro Serie: <i>Os Bolechas van de viaxe</i>	91 CAR (bol) nau ou 91 CAR (bol) nau	Dentro do "universo" dos Bolechas tamén temos libros de non ficción, neste caso a serie de xeografía / guías de viaxe, <i>Os Bolechas van de viaxe</i> .
Título: <i>Rosalía de Castro</i> Autoría: Pepe Carreiro Serie: <i>Os Bolechas. As miñas primeiras Letras Galegas</i>	92 CAR (bol) ros ou 92 CAR (bol) ros	Outro exemplo, como o anterior, de libros de non ficción adaptado ao público infantil, neste caso biografías (92).
Título: <i>A cizaña</i> Autoría: René Goscinny (texto) e Albert Uderzo (ilustración) Serie: <i>Astérix</i>	82-C (ast15) GOS ciz ou 82-C (ast15) GOS ciz	Neste caso prevalece a persoa autora dos textos (René Goscinny) pero hai que ter en conta outra consideración: na serie <i>Astérix</i> hai obras nas que a persoa autora dos textos non é René Goscinny, como veremos no seguinte exemplo.
Título: <i>El papiro del César</i> Autoría: Jean-Yves Ferri (texto) e Didier Conrad (ilustración) Serie: <i>Astérix</i>	82-C (ast36) FER pap ou 82-C (ast36) FER	<i>El papiro del César</i> é a obra número 36 da serie <i>Astérix</i> . É o segundo volume de <i>Astérix</i> na que non participan ningún dos seus creadores orixinais; no seu lugar, Jean-Yves Ferri encargouse dos textos e Didier Conrad da ilustración.

	pap	Por este motivo, e de xeito excepcional, para aquelas series ou coleccións nas que hai varias autorías, adiantamos o nome da serie ao apelido da persoa autora (e desta forma, todos os volumes da serie irán por orde de serie independentemente da autoría).
Título: <i>Donde las dan, ¡las toman!</i> Autoría: Dan Kirchner Serie: <i>Diario de Dan</i>	82-N (dia1) KIR don ou 82-N (dia1) KIR don	Outro exemplo de excepción no que sería preciso adiantar o nome da serie ao apelido da persoa autora, igual que acontece con <i>Asterix</i> , xa que hai diferentes autorías nos distintos números da serie.
Título: <i>¡No Dan ni una!</i> Autoría: Iván Ledesma Serie: <i>Diario de Dan</i>	82-N (dia2) LED nod ou 82-N (dia2) LED nod	Como vemos, no segundo volume da serie a persoa autora é diferente.
Título: <i>Una sabelotodo no tan lista</i> Autoría: Rachel Renée Rusell Serie: <i>Diario de Nikki</i>	82-N RUS (dia5) sab ou 82-N RUS (dia5) sab	
Título: <i>Goleadoras en la Liga</i> Autoría: Laura Gallego Serie: <i>Sara y las goleadoras</i>	82-N GAL (sar3) gol ou 82-N GAL (sar3) gol	
Título: <i>Oh my Goa!</i> Autoría: Míriam Tirado Serie: <i>Me llamo Goa</i>	82-N TIR (mel3) ohm ou 82-N TIR (mel3) ohm	
Título: <i>Balada de pájaros cantores y serpientes</i> Autoría: Suzanne Collins	82-N COL (jue4) bal	Aínda que este volume é unha precuela do primeiro libro (que dá nome á serie)

Serie: <i>Los juegos del hambre</i>	82-N COL (jue4) bal	ou poñémolo como 4 pois foi o cuarto en ser publicado.
Título: <i>El ataque de los clones</i> Dirección: George Lucas Serie: <i>Star Wars</i>	79 ou 791 LUC (sta2) ata ou 79 ou 791 LUC (sta2) ata	<i>El ataque de los clones</i> é o segundo episodio da serie <i>Star Wars</i> . Inda que esta película saíu máis tarde cás primeiras da saga, numerámola tal e como se numerou na súa creación (seguindo a orde cronolóxica dos acontecementos narrados).
Título: <i>Un monstruo en la bañera</i> Autoría: Pedro Mañas Romero Serie: <i>Anna Kadabra</i>	82-N MAÑ (ann3) mon ou 82-N MAÑ (ann3) mon	
Título: <i>Verde</i> Autoría: Xosé Tomás Serie: <i>Animalia</i>	82-C TOM (ani1) ver ou 82-C TOM (ani1) ver	
Título: <i>Mitos en 30 segundos</i> Autoría: Anita Ganeri Serie: <i>En 30 segundos</i>	2 GAN (30s) mit ou 2 GAN (30s) mit	Este libro forma parte dunha colección con temáticas moi variadas e iría colocado nos estantes pola súa orde de CDU, pero aínda así pode ser de interese poñer no tejuelo a serie á que pertence.
Título: <i>Os Espazos Naturais de Galiza</i> Autoría: Víctor Manuel Caamaño Rivas, Adela Leiro Lois, Xosé Ramón Daporta Padín Serie: <i>Enciclopedia Temática Ilustrada</i>	55 VV.AA. (enc17) esp ou 55 VV.AA. (enc17) esp	